



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Paisaxe Cultural		Código	630G03023
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán/Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Departamento profesorado máster Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Caridad Graña, Juan Antonio	Correo electrónico	juan.caridad@udc.es	
Profesorado	Caridad Graña, Juan Antonio Trillo Santamaría, Juan M.	Correo electrónico	juan.caridad@udc.es juan.m.trillo@col.udc.es	
Web	paisaje.udc.es			
Descripción xeral	<p>Nesta materia preséntase a Paisaxe Cultural como unha realidade arquitectónica e xeográfica complexa, integrada por compoñentes naturais e culturais, tanxibles e intanxibles, cuxa combinación configura o seu carácter, e que debe abordarse desde diferentes perspectivas.</p> <p>É importante analizar a problemática que se xera na protección e a conservación das paisaxes culturais, o abandono, a introdución de novos usos e as relacións entre turismo e patrimonio, xeografía e arquitectura. O alumnado debe coñecer os mecanismos de estudio e avaliación destes procesos e analizar as estratexias que permitan minimizar os impactos negativos e maximizar os efectos positivos, contribuíndo a mellorar a calidade de vida da sociedade.</p> <p>Ao mesmo tempo, o proxecto interdisciplinar constitúe a ferramenta de intervención sobre as paisaxes culturais a distintas escalas. É necesario coñecer as figuras de plan urbano e territorial e as súas implicacións respecto ao patrimonio, así como ter a capacidade de valorar críticamente as súas posibilidades de acción.</p> <p>Por tanto, a materia posúe un dobre obxectivo principal: analizar reflexivamente os valores arquitectónicos e xeográficos da paisaxe e coñecer polo miúdo as ferramentas que a ordenación territorial poida facilitar en relación a esos valores.</p>			



Plan de continxencia	<p>Caso de producirse circunstancias excepcionais motivadas pola Pandemia COVID 19, que impidan a docencia presencial prevista, exponse o paso desta á modalidade docente non presencial baseada no soporte TIC proporcionado pola Universidade.</p> <p>Utilizarase o conxunto de ferramentas TICs, posto a disposición pola Universidade, en especial a pataforma Moodle, Teams e o correo electrónico para a comunicación cos alumnos.</p> <p>1. Modificacións nos contidos.</p> <p>No caso de continxencia adoptaranse as medidas necesarias para garantir a calidade do ensino e a integridade dos contidos. Non se realizan cambios nos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>- Metodoloxías docentes que se manteñen:</p> <p>Mantense o conxunto das metodoloxías docentes empregadas, pasando o modo docente a desenvolverse de maneira non presencial, total ou parcialmente.</p> <p>-Metodoloxías docentes que se modifican:</p> <p>Non está previsto modificar metodoloxías docentes</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado.</p> <p>Os mecanismos de atención personalizada ao alumno desenvolvesen nas plataformas sinaladas con anterioridade, postas a disposición pola Universidade: Moodle, Microsoft Teams e o correo electrónico institucional. Temporalización a establecida segundo o calendario e horario académicos fixados polo centro ó inicio do curso.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Suprímense aqueles criterios que implican asistencia e presencialidade, en concreto o exposito do 80% de asistencia ás clases presenciais. Este principio terá validez temporalmente desde o momento no que exista instrución de aplicación do presente Plan de Continxencia.</p> <p>Mantense o resto dos criterios de avaliação.</p> <p>Para o alumnado con dificultades xustificadas para realizar probas ou entregas, poderanse prever soluciones alternativas personalizadas.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Mantense a bibliografía exposta para a materia. Subiranse aos soportes de intercambio de archivos institucionais, aqueles textos, fragmentos de textos ou outro material, cuxo coñecemento é necesario para superar a materia.</p>
----------------------	---

## Competencias / Resultados do título

Código

Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Ser capaz de realizar estudos de avaliação da paisaxe cultural e de planificación de usos do solo a escala de detalle, local e rexional, e definir medidas de protección fronte ao impacto ambiental e de desenvolvemento.	A20	B1	C1
	A21	B2	C2
	A22	B3	C3
	A26	B4	C4
	A29	B5	C5
	A33	B6	C6
	A35	B8	C7
	A37	B13	C8
	A45		
	A46		
Ser capaz de intervir nas paisaxes culturais de valor e redactar e/ou colaborar na execución dos proxectos de restauración, rehabilitación e desenvolvemento, de acordo coas atribucións profesionais da titulación do alumno	A17	B1	C1
	A20	B2	C2
	A21	B3	C3
	A22	B4	C4
	A27	B5	C5
	A28	B6	C6
	A29	B8	C7
	A33	B13	C8
	A35		
	A37		
	A44		
	A45		
	A46		
Ser capaz de realizar tarefas de catalogación e definición das medidas de protección de paisaxes culturais de valor.	A17	B1	C1
	A20	B2	C2
	A21	B3	C3
	A22	B4	C4
	A26	B5	C5
	A29	B6	C6
	A35	B8	C7
	A37	B13	C8
	A44		
	A45		
	A46		
Entender a paisaxe cultural como unha realidade complexa, integrada por componentes naturais e culturais, taxibles e intanxibles, que afectan á arquitectura e á xeografía	A17	B1	C1
	A18	B2	C2
	A21	B3	C3
	A23	B4	C4
	A26	B5	C5
	A28	B6	C6
	A33	B8	C7
	A35		
	A37		
	A43		
	A44		



Analizar a problemática que se xera na protección das Paisaxes Culturais, na súa conservación e na integración nas políticas de ordenación territorial e urbanísticas.	A17 A18 A19 A21 A22 A26 A27 A28 A29 A37 A43 A46	B1 B2 B3 B4 B5 B8 B13  C7 C8
--	--	---

Contidos		
Temas	Subtemas	
1.- Paisaxe e cultura: a paisaxe como arquitectura	1.1. Introdución ás paisaxes culturais 1.2. Análise e interpretación das paisaxes culturais 1.3. Paisaxes culturais e a súa tipoloxía 1.4. As paisaxes culturais na historia 1.5. Historia da paisaxe cultural en Galicia	
2.- As paisaxes culturais: concepto normativa e casos.	2.1. Paisaxe cultural e protección do patrimonio. 2.2. Rexistro, inventario e catalogación. 2.3. Paisaxe cultural, e proxecto do territorio.	
3.- Paisaxe cultural, patrimonio e ordenación do territorio desde a Arquitectura.	3.1. Cultura, territorio e percepción como bases da paisaxe cultural 3.2. Paisaxe cultural e transformación do territorio 3.3. Escala como representación, traballo e intervención 3.4. Conceptos de ordenación do territorio e plan inherentes á paisaxe cultural 3.5. Intervencións sobre a paisaxe cultural en Galicia	
4.- As paisaxes culturais na Xeografía moderna.	4.1. A invención da paisaxe xeográfica por Humboldt 4.2. A reconfiguración post-humboldtiana da noción de paisaxe 4.3. O nacemento do concepto de paisaxe cultural saueriano e os seus vínculos coa escola xeográfica vidaliana 4.4. Os estudos clásicos de paisaxe cultural	
5.- A nova Xeografía cultural e a pegada da paisaxe: a forza dos discursos e a representación.	5.1. A Xeografía Humanística 5.2. A interpretación simbólica da paisaxe en Xeografía 5.3. A paisaxe como discurso 5.4. Visións integradoras actuais da paisaxe en Xeografía	
6.- Paisaxe cultural, patrimonio e ordenación do territorio desde a Xeografía.	6.1. O longo percorrido cara á incorporación da paisaxe cultural na lexislación e planificación 6.2. Procesos de patrimonialización e paisaxe cultural 6.3 Interpretacións críticas das paisaxes culturais da UNESCO	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Sesión maxistral	A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A26 A27 A28 A29 A33 A35 A37 A43 A44 A45 A46	30	0	30
Aprendizaxe colaborativa	A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A26 A27 A28 A29 A33 A35 A37 A43 A44 A45 A46 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	35	35	70
Traballos tutelados	A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A26 A27 A28 A29 A33 A35 A37 A43 A44 A45 A46	15	30	45
Atención personalizada		5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	As diferentes exposicións teóricas do profesorado permitirán ao alumnado adquirir o coñecementos que dean soporte ao resto das actividades expostas na materia e desenvolver as competencias requiridas para a titulación.
Aprendizaxe colaborativa	A través da constitución de grupos de trabalho, o alumnado traballará sobre os diferentes temas propostos de modo que obteñan resultados propios, guiados polo profesorado asignado á materia
Traballos tutelados	Os traballos tutelados de cada un dos bloques da materia, permitirá ao alumnado verificar os coñecementos adquiridos mediante as sesións maxistrais e o traballo colaborativo de modo que se adquieran as competencias expostas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Aprendizaxe colaborativa	A metodoloxía de ensino-aprendizaxe estará baseada en clases maxistrais dos aspectos teóricos, acompañadas por material TIC (computador, canón de vídeo, acceso web da materia) relacionado coas paisaxes culturais, e combinadas con exemplos e aplicacións prácticas concretas sobre os diversos campos da materia. Tamén se realizarán lecturas críticas de textos fundamentais para a comprensión das paisaxes culturais. Atenderanse as dúbihdas e comentarios que poidan xurdir durante a clase ou despois dela.
Traballos tutelados	Realizaranse visitas aos lugares de interese comentados nos contidos da materia, contando cos coñecementos dos docentes para explicar e ensinar ao alumnado as diversas especificidades do lugar, verificando in situ, o exposto nas aulas. Atenderanse de modo individual e colectivo as dúbihdas xurdidas..
Sesión maxistral	Como complemento das sesións e con obxecto de promover a aprendizaxe autónoma e grupal dos estudiantes, desenvolveranse traballos prácticos por parte dos alumnos, (contando con métodos de aprendizaxe colaborativa), nos que se contará coa atención personalizada dos profesores, cos que se poderá contactar virtualmente a través do correo electrónico, as ferramentas Moodle ou Teams, postas ao dispor da Universidade, ou presencialmente nas horas de titorías fixadas.
	O alumnado colócase espacial e conceptualmente, polo profesorado, no centro do ensino e a aprendizaxe.



Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Traballos tutelados	A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A26 A27 A28 A29 A33 A35 A37 A43 A44 A45 A46	Trabajo realizado por cada alumno con la tutela del profesor sobre un tema de los tratados en las sesiones magistrales. Estos trabajos serán entregados al profesor y/o expuestos por los alumnos en clase.	100

Observacións avaliación
A avaliación da aprendizaxe debe comprender tanto o proceso como o resultado obtido. O rendemento do alumno na materia cursada depende, entre outros, da combinación de dous factores: o esforzo realizado e a capacidade do propio alumno. A forma en que o avaliamos condiciona o método de aprendizaxe e inflúe na aprendizaxe mesmo. De calquera forma dada a tipoloxía do Grao exponse como ferramenta de avaliação a avaliação continua segundo o sinalado.
A aprendizaxe a través dos créditos ECTS axústase a unha avaliação continuada que debe contribuír de forma decisiva a estimular ao alumno para seguir o proceso e a involucrarse máis na súa propia formación. Se aposta por un criterio xeral de avaliação no que é obrigado contar cun instrumento, a avaliação continua, materializada na elaboración de traballos.
A avaliação debe servir para verificar que o alumno asimilou os coñecementos básicos que se lle trasmisitiron e adquirido as competencias xerais. Pero a avaliação tamén debe ser o instrumento de comprobación de que o estudiante adquiriu as competencias teóricas e prácticas do título. Por iso, utilizanse métodos de aprendizaxe e seguimento variados (exposicións orais preparadas de antemán, explicacións curtas realizadas polos alumnos en clase, manexo práctico de bibliografía, uso de computador,traballo en equipo, etc.) que permitan lograr que o alumnado adquira progresivamente as competencias transversais e prácticas.
A avaliação da materia exponse de modo continuo e se aposta pola presencialidad na mesma.
Para poder superar a materia será necesario cumplir os seguintes requisitos:
1º Entregar todos os traballos propostos, nos prazos e formas indicados na materia.
2º Asistir regularmente a clases. Esixirse unha asistencia mínima do 80%.
A materia ,que constitúe unha unidade, consta de dous bloques:
Bloque I: Arquitectónico
Bloque II: Xeográfico
En cada un dos bloques proporase un traballo que será desenvolvido polo alumnado ao longo do curso, mediante entregas-correccións parciais. Cada traballo terá unha entrega final que será defendida publicamente polo/a autor/a.
A cualificación en cada bloque obterase da seguinte composición:
75% para o Traballo realizado.
25% Para a Exposición do Traballo en sesión final.
A cualificación final da materia será a media aritmética da cualificación dos dous traballos, sendo necesario obter un nota mínima de 4 (sobre 10), en cada un dos traballos para poder obter o aprobado.
Avaliación en convocatoria adiantada: Para poder optar á avaliação en convocatoria adiantada deben cumplirse as condicións de avaliação xeral nun curso previo.Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Para estes casos, sempre que contan con recoñecemento oficial da dirección do centro, non se terá en conta a esixencia de asistencia mínima, manténdose o resto de esixencias xerais establecidas.
Plaxio. No relativo ao plaxio se atenderá ao indicado no Art. 14º das Normas de avaliação, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.

## Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- DÍAZ-FIERROS, F. (Ed.) (2009). Olladas críticas sobre a paisaxe. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela</li><li>- NOGUÉ, J. (2008). El paisaje en la cultura contemporánea. Biblioteca Nueva, Madrid</li><li>- JELLICOE, G. y JELLICOE, S. (2004). El paisaje del hombre. Gustavo Gili, Barcelona</li><li>- MADERUELO, J. (Ed.) (2008). La construcción del paisaje contemporáneo. Centro de Arte y Naturaleza Fundación Beulas, Huesca</li><li>- OTERO, R. (1928). Paisajes y problemas geográficos de Galicia. Compañía Iberoamericana de publicaciones, Madrid</li><li>- OTERO, R. (2009). Paisaxe e cultura. Galaxia, Vigo</li><li>- BOUHIER, A (2001). Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario. Xunta de Galicia</li><li>- CASTELLS, M. y BORJA, J (1997). Local y global. La gestión de las ciudades en la era de la información. Taurus</li><li>- ALONSO PEREIRA, José Ramón (2005). Introducción a la Historia de la Arquitectura. Reverté</li><li>- VV.AA. (2010). Patrimonio Industrial y Paisaje. TICCIH España</li><li>- Davallon, J (2006). Le don du patrimoine. Une approche communicationnelle de la patrimonialisation. Hermes Science-Lavoisier</li><li>- Fernández Salinas, V. e Silva, R. (2016). Deconstruyendo los paisajes culturales de la Lista del Patrimonio Mundial de la Unesco. Cuadernos geográficos de la Universidad de Granada, 55</li><li>- Frolova, M. e Bertrand, G. (2006). «Geografía y paisaje», en Tratado de Geografía Humana.. Anthropos/Universidad Autónoma Metropolitana-Iztapalapa</li><li>- Gómez Mendoza, J. (2008). «La mirada del geógrafo sobre el paisaje: del conocimiento a la gestión», en Paisaje y territorio. Beulas</li><li>- Martínez de Pisón, E. (2002). «Reflexiones sobre el paisaje», en Estudios sobre historia del paisaje español.. Universidad Autónoma de Madrid/Fundación Duques de Soria/Catarata</li><li>- Mata, R. (2006). «Métodos de estudio del paisaje e instrumentos para su gestión. Consideraciones a partir de experiencias de planificación territorial», en El paisaje y la gestión del territorio. Criterios paisajístic. Diputación de Barcelona</li><li>- Múgica, M. et al. (2019). EUROPARC-España. 2019 Anuario 2018 del estado de las áreas protegidas en España.. Fundación Fernando González Bernáldez</li><li>- Nogué, J. (2011). «Paisajes agrarios españoles: desde sus bases territoriales a sus representaciones, catalogaciones y arquetipos», en Los paisajes agrarios de España. Caracterización, evolución y tipificación.. Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino</li><li>- Ortega Cantero, N. (1987). Geografía y cultura. Alianza</li><li>- Robertson, I. e Richards, P. (eds.) (2003). Studying Cultural Landscapes. Arnold</li><li>- Sauer, C. O. (1925). The Morphology of Landscape. University of California Publications in Geography</li><li>- Silva, R. e Fernández Salinas, V. (2017). «El nuevo paradigma del patrimonio y su consideración con los paisajes: Conceptos, métodos y prospectivas». Documents d'Anàlisi Geogràfica, 63</li><li>- Tuan, Y.-F. (1977). Space and Place. University of Minnesota Press</li></ul>
Bibliografía complementaria	<b>Referencias web:</b> <i>http://paisajeycultura.blogspot.com/p/recursos.html</i>Referencias web:<a href="http://paisajeycultura.blogspot.com/p/recursos.html">http://paisajeycultura.blogspot.com/p/recursos.html</a>

## Recomendación

## Materias que se recomienda cursar previamente

Teoría da Paisaxe/630G03019

Arte e Paisaxe/630G03005

## Materias que se recomienda cursar simultáneamente

## Materias que continúan o temario



## Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías